

PLAN ESTRATÉXICO 2016-2022



PRESENTACIÓN

Este documento recolle o Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado para o período 2016-2020, e a súa prórroga ata o 2022 de acordo coas indicacións da Vicerreitoría de Calidade. Aliñándonos co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, emprendemos un proceso de reflexión colectiva e formulamos unha aposta de futuro arredor das directrices a seguir e as tarefas a acometer para acadar esa posición desexada que queremos para a nosa Facultade nun futuro próximo.

Para a elaboración desta prórroga considerouse como punto de partida o Plan Estratéxico 2016-2020, para cuxa elaboración, unha vez oída á Comisión de Calidade, nomeouse un grupo de traballo encargado de facer unha proposta inicial, integrado polos seguintes membros:

- Francisco Rodríguez Lestegás (Decano)
- Carmen Díaz Rodríguez (Vicedecana)
- M^a del Mar Viña Rouco (Secretaria)
- Francisco Xosé Candia Durán (Coordinador do Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil)
- Marta Poncet Souto (Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria)
- Eugenio Otero Urtaza (Coordinador do Título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza)
- María José Fiuza Asorey (Coordinadora do Título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas)
- Ana Brao Viña (Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos)
- Miguel Ángel Fernández Río (Representante das e dos estudantes)

Na elaboración do Plan estratéxico 2016-2020 fixéronse: a misión (cal é a nosa razón de ser?), a visión e propósito estratéxico (como seremos, como deberíamos ser, como queremos ser no futuro?) e os nosos valores (cales son os principios cos que o acadaremos?), describíronse reflexivamente a situación do centro e da súa contorna, utilizando a metodoloxía propia da análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).

Asimesmo, establecéronse as liñas estratéxicas a través dunha análise CAME (Corrixir as debilidades, Afrontar as ameazas, Manter as fortalezas e Explotar as oportunidades) e, en relación con elas, as estratexias de reforzo ou ofensivas (usar as fortalezas para aproveitar as oportunidades), correctoras ou defensivas (superar as ameazas empregando as fortalezas), de acción ou reorientación (superar as debilidades aproveitando as oportunidades), e reactivas ou de supervivencia (afrontar as ameazas reducindo as debilidades). Para cada caso, definíronse os obxectivos, as accións estratéxicas e os indicadores.

O seguinte paso consistiu na difusión pública da proposta de plan estratéxico, establecendo a canle para recibir as suxestións que permitisen mellorar o texto provisional. Unha vez incorporadas estas suxestións, remitíuse o documento á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que emitíu un informe favorable.

Finalmente, o Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado para o periodo 2016-2020 foi aprobado pola Xunta de Facultade o día 14 de marzo de 2017 e remitido de

novo á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para que a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno informe sobre o plan. Este informe, con data 27/04/2017, foi favorable.

A actual prórroga, ata o 2022, mantén a estrutura e os fundamentos do Plan estratéxico 2016-2020 pero perfílase a análise DAFO, o que deriva nunha lixeira ampliación de accións estratéxicas.

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

1. MISIÓN: cal é a nosa razón de ser?

A Facultade de Formación do Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela é un centro de educación superior que ten como misión a formación de profesionais que sexan quen de levar a cabo os procesos educativos que lles demande a sociedade, asumindo para iso o deseño, planificación da docencia, organización e desenvolvemento dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de grao e máster que habilitan para o exercicio da profesión docente nas súas diferentes variantes e etapas educativas, así como outras ensinanzas que teñan como finalidade a preparación para o exercicio de actividades profesionais especializadas no ámbito educativo.

2. VISIÓN E PROPÓSITO ESTRATÉXICO: como seremos, como deberíamos ser, como queremos ser no futuro?

A Facultade de Formación do Profesorado quere ser recoñecida no contexto universitario e social como unha institución pública de ensino superior que desenvolve programas formativos da mellor e máis adecuada calidade para o seu estudantado, e que da resposta ás necesidades do sistema educativo e social máis próximo, así como ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, ao tempo que aseguran condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, e que rende socialmente contas do investimento e optimización dos seus recursos.

3. OS NOSOS VALORES: cales son os principios cos que o acadaremos?

A Facultade de Formación do Profesorado dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, comprometéndose a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables. Para iso, o centro adquire o firme compromiso de desenvolver a súa política de calidade baixo os seguintes principios:

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.
- Respecto aos dereitos de todas as persoas e compromiso coa equidade, coa igualdade entre o home e a muller, e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Orientación ao estudantado do programa formativo, entendendo que é o seu principal receptor.
- Procura permanente da excelencia, garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas das e dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Compromiso coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos, e o desenvolvemento sustentable.

- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento e de servizo á sociedade, como contribución ao desenvolvemento educativo, social e económico de Galicia..
- Compromiso coa lingua e a cultura galegas, coas peculiaridades do seu sistema educativo e coa sociedade lucense.
- Compromiso cun modelo de formación que promova nas e nos estudantes o pensamento autónomo, a capacidade de construírse a si mesmos, a curiosidade por coñecer e o fortalecemento da ética profesional.
- Vinculación cos fundamentos que rexen unha educación democrática, con especial atención á tolerancia, igualdade de oportunidades, respecto ás diferenzas, espírito de emprendemento e asunción de responsabilidades na toma de decisións.
- Concordancia cos esforzos internacionais por deter a violencia entre nacións e culturas, atendendo as necesidades educativas de persoas desprazadas en situación de vulnerabilidade.
- Concordancia cos esforzos internacionais por deter o cambio climático, promovendo a protección do medio natural e a saúde do planeta como base para o benestar das persoas.
- Rexeitamento de calquera forma de fanatismo, dogmatismo, sectarismo ou fraude científico na formación do estudantado ou na actividade investigadora do profesorado.

SITUACIÓN DO CENTRO E DA SÚA CONTORNA (ANÁLISE DAFO)

a) Dimensión interna

FORTALEZAS

- A Facultade de Formación do Profesorado é un centro histórico e socialmente ben asentado e recoñecido no ámbito xeográfico provincial, e profundamente consolidado no campus universitario lucense, ao que lle achega anualmente unha importante porcentaxe do alumnado que recibe.
- A Facultade oferta titulacións de Grao que contan cunha demanda sostida desde o momento da súa implantación.
- A Facultade oferta titulacións de Grao que teñen unha forte identidade formativa e un destacable nivel vocacional do seu estudantado.
- A Facultade oferta unha titulación de dobre grao de mestre e mestra de educación infantil e primaria, sendo a primeira Facultade en impartir dito dobre grao no Sistema Universitario de Galicia, permitindo ampliar o radio de captación e a cualificación académica do alumnado.
- O perfil formativo e profesional do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é único no Sistema Universitario de Galicia e un dos poucos no Sistema Universitario Español, outorgándolle visibilidade á Facultade no conxunto de España e a nivel internacional.
- O Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza facilita a formación profesional complementaria dos egresados e das egresadas da Facultade, así como o seu acceso aos estudos de Doutoramento.

- O Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas conta cunha demanda sostida desde o momento da súa implantación e ofrece a capacitación necesaria para o exercicio dunha profesión regulada.
- O curso de especialización en Formación Pedagóxica e Didáctica do profesorado Técnico de Formación Profesional que, a través dun convenio coa Xunta de Galicia, habilita para o acceso á función docente, sendo o único destas características no Sistema Universitario Galego.
- Cómpre salientar o esforzo do profesorado en impulsar unha cultura de coordinación horizontal e vertical.
- Cómpre salientar a dedicación e compromiso do profesorado para resolver as carencias de recursos humanos en determinadas áreas.
- Cómpre salientar a dedicación e compromiso do persoal de administración e servizos nas súas tarefas de apoio aos labores do profesorado e do alumnado.
- Destaca o esforzo de todo o persoal (PDI e PAS) así como o alumnado na adecuación dos seus deberes ás novas condicións impostas pola Covid-19.
- A situación sanitaria ocasionada pola Covid-19 favoreceu o incremento do traballo en equipo a través das diferentes ferramentas telemáticas institucionais, mellorando a coordinación vertical e horizontal.
- Dita situación de pandemia propiciou a formación do profesorado a través de proxectos en centro tanto derivados de convocatorias oficiais como organizados pola propia Facultade.
- Nos últimos cursos notouse un incremento na participación do PDI en proxectos de Aprendizaxe-Servizo (ApS) e innovación educativa.
- Resaltar o incremento na capacidade investigadora que se manifesta tanto no número de sexenios como en proxectos de investigación, teses dirixidas e contratos/convenios con empresas e outras institucións.
- A Facultade capta importantes recursos a través das convocatorias anuais de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, financiamento de actividades de másteres oficiais e prácticas de campo.
- A Facultade presenta bos indicadores de rendemento nas titulacións ofertadas.
- A páxina web da Facultade está adaptada ao formato institucional que recompila toda a información de interese sobre o centro.

DEBILIDADES

- A inexistencia dunha rede ampla e estable de centros colaboradores do Prácticum das titulacións de Grao complica o proceso de adscrición do estudantado para o desenvolvemento dos períodos de estadía en prácticas.
- A elevada ratio de estudantes por docente dificulta enormemente os procesos de ensino-aprendizaxe e, en particular, a titorización e avaliación dos TFG.
- A insuficiencia de espazos dificulta o desenvolvemento axeitado da docencia, sendo especialmente complicada a situación da área de Didáctica da Expresión Corporal que non conta cun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas materias.
- A falta de profesorado e precariedade na súa contratación, sumado ao expresado no punto anterior, teñen como consecuencia uns horarios de clase complicados que limitan as posibilidades de desenvolvemento profesional do profesorado cuns PODs

cargados de docencia e sen desconto das correspondentes horas docentes equivalentes.

- Insuficiencia dos recursos humanos a nivel de xestión, especialmente na xestión dos títulos e no sistema de calidade.
- Os indicadores dan conta da escasa participación do alumnado en programas de mobilidade, aínda que melloraron nos últimos dous cursos, e no 19-20 aumentou considerablemente o número de solicitudes.
- Escaso número de convenios con outras universidades e institucións que amplíen e melloren a oferta de mobilidade.
- A participación do alumnado en actividades complementarias e de orientación profesional é escasa.
- Con frecuencia, quedan postos sen cubrir correspondentes á representación dos e das estudantes nos órganos colexiados da Facultade.
- En ocasións, os departamentos asignan docencia do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas a profesorado cun perfil non axeitado ou cun baixo nivel de implicación no desenvolvemento deste título.
- A falta de persoal especializado para o mantemento da páxina web da Facultade impide que nela apareza unha información completa en inglés e outros idiomas estranxeiros, o que non favorece a internacionalización nin a mobilidade.
- A escasa dimensión de grupos de investigación, de traballo interdisciplinar entre o profesorado e de grupos de innovación consolidados dificulta a consecución dalgúns obxectivos de calidade.
- A mobilidade do profesorado entre campus ocasiona problemas de docencia que tardan en solucionarse ata que se incorpora outro docente, provocando que as funcións docentes queden desatendidas, xa que logo o profesorado existente cunha sobrecarga no POD non está en condicións de poder asumilas, aínda que sexa temporalmente.

b) Dimensión externa

OPORTUNIDADES

- O desenvolvemento do Campus Terra representa unha oportunidade que non se pode desaproveitar, especialmente polo que se refire á titulación de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza e a outros tipos de oferta académica, abrindo unha porta ao deseño de novas titulacións coherentes cos fins e obxectivos do campus.
- A existencia de redes específicas internacionais de educación ao aire libre permite que a Facultade, a través do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza, se sitúe nun escenario privilexiado para formar parte de correntes pedagóxicas innovadoras en Europa.
- O protocolo de colaboración entre a Deputación de Lugo, a Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e o Campus Terra da USC permite a captación de recursos para a promoción e mellora da calidade das titulacións de Máster.
- Os procesos periódicos de avaliación externa para a renovación da acreditación dos títulos representan unha oportunidade para mellorar o seu desenvolvemento.
- A USC abre periodicamente un calendario para efectuar novas propostas e modificacións de titulacións de grao e máster.

- O alto nivel de especialización das titulacións que se imparten na Facultade, sendo a única do Sistema Universitario de Galicia que forma a docentes de todos os niveis educativos non universitarios, pode ser un atractivo engadido e un elemento de captación de novo alumnado.
- O compromiso e as boas relacións existentes entre os centros educativos receptores do alumnado en prácticas e a Facultade puxéronse de manifesto na ampla oferta que os centros fixeron para o curso 2020-21 en plena pandemia orixinada pola Covid-19.
- O Plan de Formación e Innovación Docente da USC, así como a normativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, posibilitan a organización de actividades de formación permanente para profesorado non universitario (recoñecidas oficialmente), sendo os titores e titoras de todos os prácticum da Facultade colectivos prioritarios desta formación.
- O Servizo de Planificación e Programación do PAS desenvolve un programa de formación que posibilita a actualización do persoal para un mellor desempeño das súas funcións.
- A convocatoria periódica de procesos electorais por parte da USC representa unha boa oportunidade para incentivar a participación do alumnado nos órganos colexiados.
- A participación, cada vez máis activa, no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus Xuvenciencia permite unha mellor difusión do centro e da especificidade da formación que imparte.
- A Facultade no curso 2020-21 acadou a maior nota de corte no campus de Lugo (Dobro grao en Mestre e Mestra de Educación Infantil e Primaria), o que mostra o interese que espertan as titulacións que ofrece.
- A USC conta cun amplo abano de servizos á comunidade universitaria (Área de orientación laboral e emprego, Oficina de desenvolvemento sostible, Oficina de igualdade de xénero, Servizo de normalización lingüística, Servizo de participación e integración universitaria, etc.), que facilitan o desenvolvemento das accións formativas dirixidas ao estudantado da Facultade.
- Existe dispoñibilidade dun número cada vez máis amplo de profesionais externos que colaboran no desenvolvemento de actividades complementarias e transversais para a formación das e dos estudantes
- Existe unha relación constante co gabinete de comunicación da USC e cos medios de comunicación locais para informar sobre noticias relevantes relacionadas coa Facultade.
- A expansión dos medios telemáticos para a docencia e a investigación, a raíz da pandemia pola Covid-19, abre a oportunidade de utilizar novas canles de comunicación con estudantes e docentes doutras comunidades e países, así como a consolidación de redes de investigación internacionais.

AMEAZAS

- A maior tradición do campus de Santiago de Compostela dificulta en ocasións a captación, e sobre todo a permanencia, do profesorado no campus de Lugo.
- A elevada competencia dentro e fóra do Sistema Universitario de Galicia: as nosas titulacións de Grao ofértanse nas tres universidades galegas e en cinco dos seus campus, á marxe do centro adscrito da Universidade de Vigo. Por suposto, estas

mesmas titulacións ofértanse en todas as universidades públicas e en moitas privadas, en numerosos casos en modalidade semipresencial.

- A limitada oferta de emprego (público e privado) directamente relacionado cos títulos impartidos no centro con respecto ás cifras anuais de egresados e egresadas.
- As carencias de profesorado e a precariedade na súa contratación poñen en risco o nivel mínimo de calidade esixible para a impartición dos títulos.
- A escasa implicación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na organización e desenvolvemento do Prácticum non facilita os procesos correspondentes.
- O labor docente do PDI está escasamente recoñecido e incentivado no sistema universitario, onde as avaliacións externas e os procesos de acreditación priorizan a valoración das tarefas de investigación, tarefa especialmente complicada en centros como esta facultade co profesorado sobre cargado de horas docentes e un alto número de alumnado.
- A falta de programas de doutoramento directamente vinculados á facultade trae como consecuencia que o alumnado que queira seguir formándose para a investigación se vexa obrigado a desprazarse a outro campus (normalmente a Santiago). Asimesmo, aquel profesorado que ven á Facultade non crea un vínculo con ela, principalmente no eido da investigación, o cal deriva nunha elevada mobilidade intercampus (do campus de Lugo ao campus de Santiago), con consecuencias negativas para a docencia e a investigación.
- O escaso recoñecemento académico das tarefas de supervisión e coordinación das materias do Prácticum, sumado ao non recoñecemento doutras tarefas de coordinación docente, condiciona negativamente a dispoñibilidade e implicación das e dos docentes nelas, así como a desexable calidade da docencia.
- A aplicación informática “Xescampus”, que se utiliza para a xestión dos diversos aspectos da organización académica, é pouco flexible, dificulta a gravación da información e non facilita unha visualización “amigable” da información, en particular no que se refire aos horarios de clase e aos programas das materias.

LIÑAS ESTRATÉXICAS (ANÁLISE CAME)

Definimos tres liñas estratéxicas centradas nos seguintes ámbitos de actuación:

- LE1 Mellora da planificación, organización e desenvolvemento da docencia
- LE2 Recursos humanos e materiais
- LE3 Compromiso, transparencia e información pública

Para cada unha delas, e segundo os casos, sinalaranse obxectivos, accións e indicadores de reforzo, de corrección, de acción ou de reacción.

ESTRATEGIAS DE REFORZO (relación entre fortalezas e oportunidades)

- LE1 MELLORA DA PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA

Obxectivo estratéxico OE01

- Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente.

Accións estratéxicas

- (AE01) Consolidar e potenciar a participación de profesionais en activo e outros axentes sociais nun programa de orientacións prácticas para o desenvolvemento de competencias profesionais propias dos títulos de grao en Mestre/a.
- (AE02) Consolidar e potenciar as actuacións dirixidas á promoción e mellora da calidade das titulacións de Máster, a través das actividades complementarias financiadas ao abeiro das convocatorias de axudas para estas titulacións.
- (AE03) Consolidar as prácticas de campo nos títulos de grao en Mestre/a e reforzalas, xunto con outras actividades ao aire libre, no Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.
- (AE04) Coordinar os programas de materias, de maneira que se eviten reiteracións e solapamentos entre elas.
- (AE05) Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa.
- (AE06) Potenciar as sesións informativas de orientación académica ao estudantado (xornada de acollida, elección de mencións cualificadoras, medidas de atención á diversidade e necesidades especiais, etc.).
- (AE07) Potenciar a oferta de cursos sobre competencias informacionais, a cargo da Biblioteca Universitaria.
- (AE08) Potenciar a oferta de cursos específicos de orientación e apoio á elaboración de TFG e TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital), a cargo da Biblioteca Universitaria en coordinación co Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA).
- (AE09) Consolidar a presenza internacional do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Indicadores

- ✓ Número de relatorios e obradoiros impartidos por profesionais externos (AE01).

- ✓ Número de actividades complementarias e prácticas de campo realizadas nas titulacións de Máster (AE02, AE03).
- ✓ Actas das reunións de coordinación de título (AE04, AE05).
- ✓ Realización da xornada de acollida e sesións de orientación académica (AE06).
- ✓ Número de cursos realizados sobre competencias informacionais e apoio á elaboración de TFG e TFM (AE07, AE08).
- ✓ Realización dunha actividade conxunta con estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido) (AE09).

➤ LE2 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Obxectivo estratéxico OE02

- Promover a formación continua e actualización do PDI e do PAS.

Accións estratéxicas

- (AE10) Promover, en coordinación co PFID da USC, a organización de actividades dirixidas á formación continua do PDI e das titoras e titores externos do Prácticum (por convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).
- (AE11) Favorecer a actualización do persoal de administración e servizos a través do programa de formación que desenvolve o Servizo de Planificación e Programación do PAS.
- (AE12) Contribuír a unha formación do PDI en estratexias e metodoloxías docentes en espazos virtuais.

Indicadores

- ✓ Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (AE10).
- ✓ Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas (AE11).
- ✓ Participación e satisfacción do PDI nas actividades formativas encamiñadas a unha docencia virtual (AE12)

Obxectivo estratéxico OE03

- Mellorar a dotación e infraestruturas de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos da Facultade.

Accións estratéxicas

- (AE13) Adquirir e instalar recursos e medios tecnolóxicos

Indicadores

- ✓ Aumento de equipamentos adquiridos para dotar á Facultade (AE13)

➤ LE3 COMPROMISO, TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

Obxectivo estratéxico OE04

- Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC.

Accións estratéxicas

(AE14) Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC, no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de promoción das diferentes titulacións impartidas na Facultade.

Indicadores

- Participantes na visita á Facultade enmarcada no Programa A Ponte e Campus XuvenCiencia (AE14)
- Accións para a promoción das titulacións impartidas na Facultade (AE14)

ESTRATEGIAS CORRECTORAS (relación entre fortalezas e ameazas)

➤ LE1 MELLORA DA PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA

Obxectivo estratéxico OE05

- Reforzar as titulacións que oferta a Facultade.

Accións estratéxicas

- (AE15) Consolidar e potenciar o dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, como oferta docente distintiva no Sistema Universitario de Galicia, vía para a captación de estudantes excelentes e capacitación privilexiada do alumnado egresado de cara ao mercado laboral.

Indicadores

- ✓ Indicadores sobre resultados do dobre grao (AE15).

Obxectivo estratéxico OE06

- Mellorar o protocolo de organización do Prácticum.

Accións estratéxicas

- (AE16) Perseverar na continua mellora dos procesos de organización e desenvolvemento do Prácticum.

Indicadores

- ✓ Satisfacción dos estudantes, tiores profesionais e tiores académicos co Prácticum (AE16).

➤ LE2 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Obxectivo estratéxico OE07

- Incrementar a participación do profesorado nas reunións de comisións e órganos da facultade con independencia da súa dedicación docente.

Accións estratéxicas

- (AE17) Fomentar o uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións de comisións e outros órganos

Indicadores

- ✓ Reunións mediante o uso de ferramentas telemáticas institucionais (AE17)

➤ LE3 COMPROMISO, TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

Obxectivo estratéxico OE08

- Mellorar os procesos de xestión e visualización da información.

Accións estratéxicas

- (AE18) Insistir na necesidade de mellora da aplicación informática “Xescampus”, de maneira que facilite o envorcado dos datos e permita unha adecuada visualización da información.

Indicadores

- ✓ Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (AE18).

ESTRATEGIAS DE ACCIÓN (relación entre debilidades e oportunidades)

➤ LE1 MELLORA DA PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA

Obxectivo estratéxico OE09

- Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.

Accións estratéxicas

- (AE19) Manter e mellorar a oferta de programas de mobilidade, e animar ao alumnado para que participe neles.

Indicadores

- ✓ Incremento nos indicadores de satisfacción e porcentaxe da mobilidade (AE19).

Obxectivo estratéxico OE10

- Solicitar a creación dun vicedecanato que xestione as titulacións e a calidade da Facultade

Accións estratéxicas

- (AE20) Establecer comunicación entre a Facultade e as diferentes instancias de goberno da USC que posibiliten a creación do vicedecanato.

Indicadores

- ✓ Solicitude do correspondente vicedecanato ao goberno da USC (AE20).

➤ LE3 COMPROMISO, TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

Obxectivo estratéxico OE11

- Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro.

Accións estratéxicas

- (AE21) Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións.

Indicadores

- ✓ Número de estudantes nos órganos colexiados (AE21).

Obxectivo estratéxico OE12

- Manter actualizada a páxina web da Facultade.

Accións estratéxicas

- (AE22) Manter actualizada a páxina web con información académica relevante, empregando as dúas linguas oficiais e, na medida do posible, o inglés.

Indicadores

- ✓ Actualización da páxina web (AE22).

ESTRATEGIAS REACTIVAS (relación entre debilidades e ameazas)

➤ LE1 MELLORA DA PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA

Obxectivo estratéxico OE13

- Avanzar nos procesos de mellora da organización docente.

Accións estratéxicas

- (AE23) Mellorar a planificación dos horarios das actividades docentes.

- (AE24) Continuar cos esforzos en busca dunha normativización dos procesos de titorización e avaliación dos TFG que permita superar as dificultades actualmente existentes.
- (AE25) Establecer procesos de colaboración e unir esforzos entre departamentos e a Facultade para a dotación de profesorado que permita na práctica facer efectivas as Horas Docentes Equivalentes (HDE) derivadas dos labores de coordinación e investigación.

Indicadores

- ✓ Aprobación dos horarios pola Xunta de Facultade (AE23).
- ✓ Aprobación dos regulamentos de TFG (AE24).
- ✓ Recoñecemento e desconto efectivo no POD das HDE (AE25).

Obxectivo estratéxico OE14

- Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral.

Accións estratéxicas

- (AE26) Organizar sesións informativas de orientación laboral e sobre o procedemento de ingreso nos corpos de funcionariado docente.

Indicadores

- ✓ Sesións de orientación laboral realizadas e número de asistentes (AE26).

➤ LE2 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Obxectivo estratéxico OE15

- Aumentar o número de PDI en prazas estables, en función da súa acreditación.

Accións estratéxicas

- (AE27) Colaborar estreitamente cos departamentos na demanda de accións por parte da Vicerreitoría correspondente que permitan solucionar axeitadamente os problemas derivados da carencia e precariedade na contratación de profesorado.

Indicadores

- ✓ Número de concursos de selección de PDI convocados (AE27).

Obxectivo estratéxico OE16

- Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais.

Accións estratéxicas

- (AE28) Promover accións que melloren as condicións de habitabilidade e traballo, tanto do persoal coma do alumnado, e referidas tanto a espazo como a equipamento.

Indicadores

- ✓ Incremento da dotación de espazos e equipamentos (AE28).

Táboa-resumo 1

Estratexias (Análise CAME)	Obxectivos estratéxicos/Liñas estratéxicas	Accións estratéxicas
Estratexias de reforzo (Fortalezas/Oportunidades)	OE01/LE1	AE01-AE02-AE03-AE04- AE05-AE06-AE07-AE08- AE09
	OE02/LE2	AE10-AE11-AE12
	OE03/LE2	AE13
	OE04/LE3	AE14
Estratexias correctoras (Fortalezas/Ameazas)	OE05/LE1	AE15
	OE06/LE1	AE16
	OE07/LE2	AE18
	OE08/LE3	AE17
Estratexias de acción (Debilidades/Oportunidades)	OE09/LE1	AE19
	OE10/LE1	AE20
	OE11/LE3	AE21
	OE12/LE3	AE22
Estratexias reactivas (Debilidades/Ameazas)	OE13/LE1	AE23-AE24-AE25
	OE14/LE1	AE26
	OE15/LE2	AE27
	OE16/LE2	AE28

Táboa-resumo 2

Liñas estratéxicas	Obxectivos estratéxicos	Accións estratéxicas
LE1 Mellora da planificación, organización e desenvolvemento da docencia	OE01/LE1	AE01-AE02-AE03-AE04-AE05-AE06-AE07-AE08-AE09
	OE05/LE1	AE15
	OE06/LE1	AE16
	OE09/LE1	AE19
	OE10/LE1	AE20
	OE13/LE1	AE23-AE24-AE25
	OE14/LE1	AE26
LE2 Recursos humanos e materiais	OE02/LE2	AE10-AE11-AE12
	OE03/LE2	AE13
	OE07/LE2	AE18
	OE15/LE2	AE27
	OE16/LE2	AE28
LE3 Compromiso, transparencia e información pública	OE04/LE3	AE14
	OE08/LE3	AE17
	OE11/LE3	AE21
	OE12/LE3	AE22